

ÍNDICE

Servizo de Asesoramento e Préstamo de Produtos de Apoio	1
Catálogo de Produtos de Apoio	3
Mobilidade funcional	4
Grúas de sedestación	4
Grúa de bipedestación	4
Cadeira de rodas eléctrica	4
Cadeira de rodas posicionadora	5
Scooter eléctrica	5
Andador de 4 rodas	5
Andador de antebrazos	6
Asideiro de cama para transferencias	6
Asideiro con ventosa	6
Bastón de trekking ou senderismo	7
Táboa de transferencias	7
Chanzo antideslizante	7
Alimentación e cociña	8
Maletín de valoración de produtos de apoio para a alimentación	8
Seneo Pro Air Set	8
Repousabrazos con suxeición á mesa	8
Cortador de verduras	9

ÍNDICE

Picadora eléctrica	9
Táboa de preparación de alimentos	9
Soporte para mango de tixola	10
Abrebotes autónomo	10
Coitelo rocker	10
Tesoiras de presión	10
Vestido	11
Abrochabotóns	11
Calzador de mango longo	11
Dobrador de roupa	11
Abrocha-suxeitador	12
Ducha	13
Cadeira de rodas de ducha	13
Hixiene persoal	14
Soporte de secador	14
Cortaúnllas adaptado	14
Cortaúnllas eléctrico	14
Xestión da comunicación	15
Tableta	15
Comunicador Eneso Verbo	15
Comunicador Asterics Grid	15

ÍNDICE

Órtese	16
Bota Walker	16
Órtese dinámica de pé Dyna-Ankle	16
Guantes de rehabilitación	16
Inmovilizador de xeonllo	17
Datos de contacto	18

Servizo de Asesoramento e Préstamo de Produtos de Apoio

Que é?

É un **recurso gratuíto** de Dano Cerebral Galicia que ten por **obxectivo facilitar o asesoramento, acceso, adestramento e uso de produtos de apoio** para as persoas con DCA socias e as súas familias, no desenvolvemento das actividades da vida diaria da maneira máis saudable e independente posible.

A quen vai dirixido?

A todas as **persoas con dano cerebral adquirido socias** das asociacións.

Tendo **prioridade aquelas que** se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Residir en concellos rurais de Galicia.
- Ter dificultades económicas.
- Atoparse en fase subaguda ou en fase crónica sen previo asesoramento en produtos de apoio.
- Presentar unha situación de alta necesidade segundo criterio profesional.

Como acceder?

Contactando co/a **terapeuta ocupacional** da túa asociación



ou coa **terapeuta ocupacional** de Dano Cerebral Galicia.



Servizo de Asesoramento e Préstamo de Produtos de Apoio

Como funciona?

O servizo realízase mediante o seguinte procedemento:

1. **Valoración e derivación.**
2. **Envío** do produto de apoio solicitado.
3. **Entrega** do produto de apoio, explicación do seu uso **e adestramento.**
4. **Préstamo** e seguimento
5. **Devolución** do produto de apoio **e avaliación** do servizo.

O préstamo é de **3 meses** con posibilidade de prórroga. En produtos de apoio para actividades excepcionais, o préstamo é de 15 días.

Financiadores

Este proxecto está financiado a través das convocatorias de subvencións con cargo ao 0,7% do IRPF e do Imposto de Sociedades, de Proxectos Sociais de La Caixa e de Más Social de Fundación Barrié.



Fundación Barrié

Catálogo de Produtos de Apoio

Este catálogo recolle todos os produtos de apoio cos que conta Dano Cerebral Galicia.

Clasificados nos seguintes apartados:

- Mobilidade funcional
- Alimentación e cociña
- Vestido
- Ducha
- Hixiene persoal
- Xestión da comunicación
- Órtese

O catálogo presenta un carácter aberto, flexible e dinámico, de forma que a medida que evolucione o Servizo de Préstamo e Asesoramento de Produtos de Apoio, ampliaránse os seus recursos.

Se tes algunha suxestión, non dubides en transmitírnola.

Coa colaboración de todas/os, construiremos un servizo que responda ás necesidades das persoas con dano cerebral adquirido de Galicia.

Mobilidade funcional

GRÚAS DE SEDESTACIÓN

Produto de apoio que permite mover a unha persoa dunha superficie a outra. Conta con arnés.

Tamaño micro.

- Anchura con patas abertas: 87 cm
- Anchura con patas pechadas: 54,5 cm

UNIDADES: 3



GRÚA DE BIPEDESTACIÓN

Produto de apoio que permite erguer a unha persoa sentada. Conta con arnés para dúas tallas (M, XL).

Tamaño micro.

- Anchura con patas abertas: 78 cm
- Anchura con patas pechadas: 49 cm

UNIDADES: 1



CADEIRA DE RODAS ELÉCTRICA

Cadeira de rodas co sistema de desprazamento eléctrico, que pode ser empregada pola persoa usuaria de forma independente. A panca de manexo pódese colocar en ambos repousabrazos.

UNIDADES: 3



Mobilidade funcional

CADEIRA DE RODAS MANUAL POSICIONADORA

Cadeira de rodas manual caracterizada por facilitar o correcto posicionamento de persoas con grandes necesidades de apoio no control postural.

Conta con: repousapés, apoios laterais e respousacabezas.

UNIDADES: 1



SCOOTER ELÉCTRICO

Scooter de desprazamento de exteriores para persoas con mobilidade reducida. Desmontable.

Velocidade: 8 km/h.

UNIDADES: 1



ANDADOR DE 4 RODAS

Aparato que facilita a deambulación provisto de catro rodas. Freado por presión. Conta cunha cesta con función de asento.

UNIDADES: 1



Mobilidade funcional

ANDADOR DE ANTEBRAZOS

Aparato que facilita a deambulación provisto de rodas e repousabrazos para apoiar os antebrazos.

UNIDADES: 1



ASIDEIRO DE CAMA PARA TRANSFERENCIAS

Asideiro de cama que facilita a entrada e saída da mesma. Tamén serve de apoio para xirar o corpo dentro da cama.

UNIDADES: 1



ASIDEIRO CON VENTOSA

Barra agarradoira portátil que se suxeita á parede mediante ventosas.

UNIDADES: 2



Mobilidade funcional

BASTÓN DE TREKKING OU SENDEIRISMO

Bastón que serve como apoio leve para camiñar en traxectos longos, como desprazarse pola comunidade ou facer rutas de sendeirismo.

UNIDADES: 1



TÁBOA DE TRANSFERENCIAS

Táboa que permite trasladarse a unha persoa sentada dunha superficie a outra, de forma independente.

Débese colocar un extremo da táboa debaixo dos glúteos da persoa usuaria e o outro extremo ao lugar que desexa transferirse.

UNIDADES: 1



CHANZO ANTIDESLIZANTE

Chanzo antideslizante que facilita a realización de actividades (ducha, hixiene, vestido) a persoas con mobilidade reducida.

UNIDADES: 1



Alimentación e cociña

MALETÍN DE VALORACIÓN DE PRODUTOS DE APOIO PARA A ALIMENTACIÓN

Maletín profesional para a valoración da alimentación que contén: 8 tipos de culleres, 4 garfos, 4 coitelos, 1 coitelo Nelson, 1 abrochabotóns e 13 mangos diferentes.

UNIDADES: 1



SENEO PRO AIR SET

Aparato que produce espumas aireadas con sabor concentrado para persoas con grandes dificultades na deglución. Inclúe sobres de *air instant*.

UNIDADES: 1



REPOUSABRAZOS CON SUXEIÇÃO Á MESA

Peza portátil con suxeición á mesa que serve para apoiar un brazo e, así, favorecer a postura ergonómica durante a alimentación.

UNIDADES: 2



Alimentación e cociña

CORTADOR DE VERDURA

Cortador de verduras multifunción con coitelas intercambiables, rallador, cortadora, picadora e accesorios de seguridade.

UNIDADES: 1



PICADORA ELÉCTRICA

Electrodoméstico eléctrico que serve para picar e triturar o alimento.

UNIDADES: 1



TÁBOA DE PREPARACIÓN DE ALIMENTOS

Táboa que serve de apoio en diferentes tarefas de cociña. A súa función principal é proporcionar un sistema de suxeición, tanto para recipientes como para alimentos. Conta con puntas para suxeitar os alimentos de pequeno tamaño e con soportes laterais regulables en anchura para suxeitar alimentos ou fixar recipientes.

Na súa superficie inferior ten ventosas para garantir a súa fixación.

UNIDADES: 1



Alimentación e cociña

SOPORTE PARA MANGO DE TIXOLA

Estrutura de arame con ventosas para fixar na superficie que serve para inmobilizar unha tixola e facilitar a execución da actividade, promovendo un uso seguro. Para a súa utilización hai que introducir o mango da tixola no oco central do soporte.

UNIDADES: 1



ABREBOTES AUTÓNOMO

Dispositivo que ten por función abrir frascos mediante un mecanismo automático.

UNIDADES: 1



COITELO ROCKER

Cuberto adaptado que permite cortar o alimento con movemento basculante.

UNIDADES: 1



TESOIRAS DE PRESIÓN

Tesoira para persoas con dificultades bimanuais e/ou dificultades de agarre.

UNIDADES: 1



Vestido

ABROCHABOTÓNS

Produto de apoio que facilita o abotoado. Para o seu uso hai que introducir o gancho polo buraco da camisa ou chaqueta e enganchar o botón.

UNIDADES: 1



CALZADOR DE MANGO LONGO

Instrumento de metal, madeira ou outro material cunha superficie de suxeición máis longa da habitual que se utiliza para facilitar a entrada do pé no zapato.

UNIDADES: 2



DOBRADOR DE ROUPA

Produto de apoio que facilita o abotoado. Para o seu uso hai que introducir o gancho polo buraco da camisa ou chaqueta e enganchar o botón.

UNIDADES: 1



Vestido

ABROCHA-SUXEITADOR

Produto de apoio que facilita o abotoado. Para o seu uso hai que introducir o gancho polo buraco da camisa ou chaqueta e enganchar o botón.

UNIDADES: 1



Ducha

CADEIRA DE RODAS DE DUCHA

Cadeira con rodas e respaldo, repousabrazos, repousapés e cun oco no asento que permite a hixiene de zonas íntimas.

Apta para duchas a cota cero.

Ancho total: 52 cm

UNIDADES: 2



Hixiene persoal

SOPORTE DE SECADOR

Instrumento que ten a función de suxeitar o secador. Conta cunha base circular, un mango longo e unha pinza na que se agarra o secador.

UNIDADES: 1



CORTAÚNLLAS ADAPTADO

Utensilio para cortar as unllas cunha base rectangular fabricada con material antiesvarante ou con fixadores na parte inferior. Conta cunha funda ancha no extremo no que se fai a presión.

UNIDADES: 1



CORTAÚNLLAS ELÉCTRICO

Utensilio eléctrico para cortar as unllas.

UNIDADES: 1



Xestión da comunicación

TABLETA

Tableta de 10,6 pulgadas. Incluí funda e protector de pantalla.

UNIDADES: 2



COMUNICADOR ENESO VERBO

Programa informático que permite crear taboleiros de comunicación adaptados ás necesidades e gustos de cada persoa (podendo empregar imaxes reais e/ou pictogramas). Unha vez elaborado, pódese incorporar a calquera tableta.



COMUNICADOR ASTERICS GRID

Programa informático que permite crear taboleiros de comunicación. Trátase dun tipo de teclado dixital composto por imaxes, iconas, palabras e/ou frases.

Estes elementos poden ser adaptados ás necesidades e gustos de cada persoa. Unha vez elaborados, pódense incorporar a calquera tableta.



Órtese

BOTA WALKER

Férula para contención e suxeición do pé, con suela basculante e antideslizante e almofada envolvente de material transpirable para pé e nocello.

Modelo corto. Talla 2.

UNIDADES: 1



ÓRTESE DINÁMICA DE PÉ DYNA-ANKLE

Órtese de nocello que permite manter o pé en pronación e dorxiflexión moderadas e limita a flexión plantar, a supinación e a rotación. Lado esquerdo.

Talla 35-37.

UNIDADES: 1



GUANTES DE REHABILITACIÓN

Produto robótico que favorece a rehabilitación da musculatura da man e dos dedos.

Tamaño medium (S). Lado esquerdo.

UNIDADES: 1



Órtese

INMOVILIZADOR DE XEONLLO

Órtese que permite inmovilizar a perna e, en concreto, o xeonllo.

UNIDADES: 1



DATOS DE CONTACTO

 686 723 679

 terapiaocupacional2@danocerebralgalicia.org

 www.danocerebralgalicia.org

 Rúa Galeras, 17, 2º, oficina 5, 15705
Santiago de Compostela, A Coruña
